Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello do Saviñao para a execución do proxecto denominado Obras de reparación dos danos causados polas tormentas do mes de xuño

1. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello do Saviñao un convenio para a Obras de reparación dos danos causados polas tormentas do mes de xuño.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AP:znDonr10Y1 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Administración Local
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Rúa Madrid 2-4, 2º - As Fontiñas
15781 – Santiago de Compostela
administracionlocal@xunta.gal

Para tal fin, mediante a Orde do 16 de xaneiro de 2026 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello do Saviñao o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2026.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello do Saviñao para a Obras de reparación dos danos causados polas tormentas do mes de xuño.

5. Fundamentos do convenio

O Concello do Saviñao manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a execución do proxecto denominado Obras para a reparación dos danos causados polas tormentas do mes de xuño consiste na execución das actuacións necesarias para o restablecemento e reposición dos servizos e infraestruturas afectados .

Ao longo do mes de xuño de 2026, o Concello do Saviñao viuse afectado por importantes tormentas de extraordinaria intensidade, acompañadas de choivas torrenciais, que provocaron o desbordamento de cursos de auga, a acumulación repentina de caudal e importantes arrastres de pedras, terras, troncos e outros materiais. Como consecuencia deste fenómeno, resultaron gravemente danadas diversas infraestruturas e instalacións municipais, entre elas os equipos da estación de tratamento de auga potable (ETAP) da Sardiñeira, as instalacións de iluminación pública e as instalacións eléctricas municipais dos núcleos de Diomondi, Galegos, Mourelos, Reiriz e Rosende, así como diversos camiños municipais e espazos públicos, entre eles a rúa Juan de Forcados, en Escairón.

A situación xerada presenta un carácter de urxencia e necesidade inaprazable, ao afectar directamente á prestación de servizos públicos esenciais, á seguridade das persoas e á mobilidade en diferentes puntos do termo municipal. En particular, a avaría dos equipos da ETAP da Sardiñeira compromete a potabilidade, o tratamento e a subministración continuada de auga potable á poboación, mentres que os danos nas instalacións de iluminación pública e eléctricas municipais afectan ao funcionamento deste servizo en diversos núcleos de poboación, con riscos para a seguridade viaria e cidadá. Así mesmo, as árbores caídas e os arrastres acumulados nos camiños municipais dificultan o tránsito normal de vehículos e peóns, e o atasco da canalización da rúa Juan de Forcados xera un perigo de rebordamento de augas residuais, con riscos de insalubridade para a veciñanza.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: APznDonr10Y1 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Administración Local
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Rúa Madrid 2-4, 2º - As Fontiñas
15781 – Santiago de Compostela
administracionlocal@xunta.gal

Por esta razón, resulta necesario acometer con carácter inmediato as actuacións de reparación, consolidación e reposición precisas para recuperar a funcionalidade das infraestruturas afectadas, evitar a progresión dos danos e restablecer as condicións de seguridade e normalidade na prestación dos servizos municipais. A natureza sobrevida do episodio e a gravidade das súas consecuencias determinan que estas necesidades non puidesen ser previstas nin incorporadas á programación ordinaria de investimentos do Concello.

Concorre, así mesmo, unha inaprazable necesidade de actuación, dado que os danos afectan directamente á seguridade das persoas e á prestación de servizos públicos esenciais.

En particular, a avaría e queima dos equipos da ETAP da Sardiñeira (arrancador, sistema de alimentación ininterrompida, sistema de control e alarma e interruptor diferencial) compromete a continuidade dun servizo básico para a poboación como é o abastecemento de auga potable, ben de primeira necesidade.

Do mesmo xeito, os danos nas instalacións de iluminación pública e eléctricas municipais fan necesaria a substitución inmediata dos elementos afectados para restablecer o servizo en condicións de seguridade. A actuación prevista comprende a reposición das luminarias danadas mediante luminarias de tecnoloxía LED, dos cadros de mando e protección, dos contactores e dos programadores astronómicos, así como a retirada das árbores caídas, a limpeza dos arrastres nas vías municipais e o desatasco e reparación da canalización da rúa Juan de Forcados, coa posterior reposición do firme.

A demora na execución destas actuacións podería producir unha agravación dos danos existentes, especialmente coa chegada das precipitacións propias do outono e do inverno, incrementar os custos de reparación e comprometer a saúde pública, a seguridade viaria, a mobilidade da poboación e a prestación dos servizos municipais afectados. Por iso, a súa execución non pode quedar supeditada aos prazos propios dunha programación ordinaria de investimentos, resultando imprescindible unha resposta pública inmediata.

Ademais, segundo manifesta o Concello do Saviñao na súa memoria xustificativa, este non dispón no seu orzamento corrente dos créditos suficientes nin dos medios técnicos e humanos necesarios para asumir en solitario o custo total das actuacións, sen comprometer gravemente a prestación do resto dos servizos obrigatorios de competencia municipal, polo que resulta imprescindible a colaboración da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a súa execución.

As actuacións previstas presentan unha conexión directa coa finalidade e cos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, ao estar destinadas á conservación, reposición e restauración de infraestruturas, instalacións e espazos municipais afectados polas tormentas e polos arrastres de auga, terras e outros materiais derivados do episodio meteorolóxico extraordinario. En particular, a reparación dos equipos da ETAP da Sardiñeira relaciónase cos proxectos de abastecemento de augas contemplados na regulación do Fondo; a reposición das luminarias mediante equipos de tecnoloxía LED contribúe ao impulso da eficiencia enerxética; e a retirada das árbores caídas, a limpeza de arrastres e o desatasco da canalización da rúa Juan de Forcados contribúen á restauración ambiental, á prevención de riscos e á protección do espazo natural, dando cumprimento aos criterios e obxectivos establecidos na súa normativa reguladora.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de TRINTA E CATRO MIL EUROS CUN CÉNTIMO (34.000,01 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.761.1 (C.P. 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AP:znDonr10Y1 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Administración Local
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Rúa Madrid 2-4, 2º - As Fontiñas
15781 – Santiago de Compostela
administracionlocal@xunta.gal

2026, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica, do Equipo de Axudas de Estado da Consellería de Facenda e Administración Pública e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso
(documento asinado electronicamente)

Asinado por: NATALIA PRIETO VISO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 11/11/2026 12:58:12

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AP:znDonr10Y1 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Administración Local
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Rúa Madrid 2-4, 2º - As Fontiñas
15781 – Santiago de Compostela
administracionlocal@xunta.gal